# BITeB

Boletín Informativo de Traballo e Benestar

Consellería de Traballo e Benestar - decembro 2012, n.º 80





Eestrutura orgánica

## Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.




## Xornadas Europeas do Emprego 2012

- Técnicos de oito países europeos asesoran en Santiago os interesados en coñecer ofertas de emprego das distintas rexións.

Sinistralidade laboral

## Galicia rexistrou un descenso da sinistralidade laboral do 24,65 por cento nos dez primeiros meses deste ano

Informe do paro rexistrado

## Galicia pechou o mes de novembro cun total de 276.536 desempregados




## Benestar ultima unha estratexia para a prevención da dependencia que permitirá que máis de 4.000 persoas manteñan a súa autonomía

- Esta estratexia, que ten por horizonte o ano 2020, marcará a folla de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal na nosa Comunidade nos próximos 7 anos
- Os estudos realizados indican que a aplicación correcta de medidas suporía un aforro, a longo prazo e por cada euro investido agora en prevención, de 129 euros na atención ás persoas con dependencia
- A conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, inaugurou hoxe na Coruña o 'Congreso Internacional sobre Envellecemento Activo', que ten por eslogan "Moito máis por vivir e máis por desfrutar"
- O obxectivo global destas xornadas é conseguir que as persoas maiores da nosa Comunidade teñan unha maior calidade de vida durante o máximo tempo posible.

## Benestar convoca 220 prazas para participar no programa 'Xuntos polo Nadal' nas residencias de tempo libre

- Este programa vaise desenvolver nas datas comprendidas entre o 23 de decembro de 2012 e o 1 de xaneiro de 2013
- As solicitudes, acompañadas de fotocopia compulsada do DNI, informe social e declaración responsable, pódense presentar ata o próximo día 5 de decembro
- Das 220 prazas, haberá 100 na residencia de tempo libre de Panxón e 120 prazas na residencia de tempo libre do Carballiño.

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Benestar social | 2-5 | Seguridade e saúde laboral | 12 |
| Formación e emprego | 6-9 | Xuventude e voluntariado | 13-14 |
| Informe do paro rexistrado | 9 | Publicacións | 16-17 |
| Relacións laborais | 10-12 | Normativa | 17-22 |


Créditos


Edita: Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación: Pepa Dabán Royo

Maquetación: Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2254-7835

# Benestar ultima unha estratexia para a prevención da dependencia que permitirá que máis de 4.000 persoas manteñan a súa autonomía



- Esta estratexia, que ten por horizonte o ano 2020, marcará a folla de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal na nosa Comunidade nos próximos 7 anos
- Os estudos realizados indican que a aplicación correcta de medidas suporía un aforro, a longo prazo e por cada euro investido agora en prevención, de 129 euros na atención ás persoas con dependencia
- A conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, inaugurou hoxe na Coruña o 'Congreso Internacional sobre Envellecemento Activo', que ten por eslogan "Moito máis por vivir e máis por desfrutar"
- O obxectivo global destas xornadas é conseguir que as persoas maiores da nosa Comunidade teñan unha maior calidade de vida durante o máximo tempo posible.

**A Coruña, 15 de novembro de 2012**.- A Consellería de Traballo e Benestar está ultimando a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, cun horizonte ata o ano 2020. Trátase dun plan de traballo realizado con expertos, profesionais, colectivos e entidades que recollen as achegas de todos eles para poñer en marcha medidas concretas que dean resposta ás necesidades reais dos nosos maiores.

Esta estratexia, cuxo texto se rematou no mes de novembro, marcará a folla de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal na nosa Comunidade nos próximos 7 anos. Neste sentido, os estudos realizados indican que a aplicación correcta de medidas neste sentido permitirían, desde agora e ata o ano 2020, que máis de 4.000 persoas en Galicia poidan prever a dependencia e alongar o tempo de autonomía persoal. Isto suporía que por cada euro que a Administración invista agora en prevención suporá un aforro, a longo prazo, de 129 euros na atención ás persoas con dependencia.

Así o salientou a conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, na inauguración do 'Congreso Internacional sobre Envellecemento Activo', que ten como obxectivo dar a coñecer as diferentes actuacións que se están realizando dentro do Proxecto europeo 'Envellecemento + activo' e presentar os avances en investigación e experiencias novas que se están desenvolvendo neste ámbito.

O obxectivo global destas xornadas, que se realizaron na Coruña, é conseguir que as persoas maiores da nosa Comunidade teñan unha maior calidade de vida durante o máximo tempo posible. Por iso, o eslogan deste congreso é "Moito máis por vivir e máis por desfrutar".

Neste senso, a titular de Traballo e Benestar destacou que "os maiores xogan un papel preponderante na nosa sociedade, cun peso esencial tanto no presente como no futuro". Un papel que tamén se demostra nas cifras. Actualmente na nosa Comunidade case 630.000 galegos e galegas superan os 65 anos, o que representa o 23% da nosa poboación. Neste sentido, Mato recordou que afrontamos un gran reto a nivel europeo: "o dunha profunda transformación demográfica".

Así, Mato lembrou que a idade é o principal factor de risco da dependencia. De feito, o 75% das mulleres e o 48% dos homes con dependencia en Galicia o son por causa da idade. Por iso, a Xunta de Galicia aposta pola prevención, a detección precoz da dependencia e a promoción da autonomía persoal, para que os maiores poidan desfrutar dunha vida máis saudable e con maior calidade.

### Envellecemento+activo

Un dos obxectivos destas xornadas é dar a coñecer o proxecto Envellecemento+activo, que se está desenvolvendo no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) e que conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros, financiado unha parte a través de fondos europeos.

Os principais obxectivos deste proxecto son avanzar na prevención a través dunha cooperación transfronteiriza; desenvolver novas ferramentas tecnolóxicas que permitan mellorar a calidade de vida das persoas maiores; difundir os avances e innovacións no ámbito da detección precoz de dependencia e promover os valores do envellecemento activo.

### Novas tecnoloxías

Todos os estudos e todos os colectivos coinciden en sinalar o desenvolvemento e a aplicación das novas tecnoloxías como unha das claves para mellorar a vida das persoas maiores, das persoas con discapacidade ou daqueles que sofren calquera tipo de dependencia. Neste sentido, a titular de Traballo e Benestar recordou que na nosa Comunidade "hai en funcionamento preto de 5.000 dispositivos de teleasistencia" e tamén se están a aplicar programas de teleasistencia avanzada como o programa Miavizor, "un proxecto innovador que supera o concepto tradicional de teleasistencia, ofrecendo un servizo de teleprevención sociosanitaria".

### Programa

Ao longo destas xornadas realizáronse máis de oito mesas redondas, nas que estiveron presentes profesionais do sector, como son: o director da Fundación Pública Galega de Xenómica, Ángel María Carracedo Álvarez, o catedrático de Xerontoloxía Clínica e Social, José C. Millán Calenti, ou o técnico de Servizos Sociais da Universidade do Minho-Braga, Antonio Machado Ferreira, entre outros. Ademais, leváronse a cabo talleres simultáneos e comunicacións sobre a participación social e o envellecemento activo; os hábitos de vida saudables; a arte e a arte e a ciencia do coidador eficaz, entre outros temas.

http://www.envellecementomaisactivo.eu/







# Feijóo reafirma o compromiso da Xunta de seguir promovendo o voluntariado en todas as súas facetas

- Lembra que o Goberno galego está traballando para a creación dun banco galego de voluntariado, onde queden rexistrada oferta e demanda, e deste xeito se faciliten os intercambios e a acción voluntaria
- Afirma que ningunha sociedade pode permitirse desaproveitar os valores positivos que atesouran os seus maiores e subliña que a través do voluntariado as persoas maiores ofrecen á sociedade un servizo de grande utilidade e proveito e, ao mesmo tempo, esa acción voluntaria contribúe a mellorar a convivencia entre xeracións
- Felicita os premiados polo seu labor dedicado a fomentar a actividade solidaria.

**A Coruña, 15 de novembro de 2012**.- O presidente en funcións da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, reafirmou durante a entrega dos Premios Voluntariado Maiores 2012 o compromiso do Goberno galego de seguir promovendo o voluntariado en todas as súas facetas "e, por suposto, no que se refire a maiores", tal e como se reflicte no Plan galego de maiores 2010-2013.

Feijóo lembrou que a Xunta está traballando para a creación dun banco galego de voluntariado, onde queden rexistrada oferta e demanda, e deste xeito se faciliten os intercambios e a acción voluntaria. "Imos continuar traballando para ofrecer unha saída a todas as potencialidades dos nosos maiores, porque somos conscientes de que unha sociedade que avanza non pode desprezar ningunha achega, e moito menos, cando vén daqueles que máis poden enriquecela coa súa experiencia", asegurou.

Ao longo da súa intervención, o presidente do Goberno galego celebrou que no marco do Congreso Internacional de Envellecemento activo se aproveite a ocasión para premiar o traballo que en Galicia realizan algunhas entidades de voluntariado nas que os maiores participan activamente. "Cada un dos premiados: ASDEGAL, SECOT, Banco de Alimentos de Galicia ou a Residencia de Maiores de Ferrol son dignos merecedores desta distinción, e claros exemplos da madurez dunha sociedade que sabe aproveitar esas capacidades das persoas maiores para seguir contribuíndo a mellorar o contorno no que viven. A todos eles, a nosa felicitación e o noso sincero agradecemento por este labor dedicado a fomentar a actividade solidaria".

Feijóo afirmou que ningunha sociedade pode permitirse desaproveitar os valores positivos que atesouran os seus maiores, sen empobrecerse e perder parte da súa esencia. "É indubidable, por tanto, que a experiencia que dan os anos, os coñecementos adquiridos e as habilidades acumuladas son activos dun valor incalculable e seguen sendo moi útiles cando remata a vida laboral" aseverou, ao que engadiu que a través do voluntariado as persoas maiores ofrecen á sociedade un servizo de grande utilidade e proveito e, ao mesmo tempo, esa acción voluntaria contribúe a mellorar a convivencia entre xeracións.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/Plan_GalegoV3.pdf



# BENESTAR SOCIAL

## Benestar convoca 220 prazas para participar no programa ‘Xuntos polo Nadal’ nas residencias de tempo libre

- Este programa vaise desenvolver nas datas comprendidas entre o 23 de decembro de 2012 e o 1 de xaneiro de 2013
- As solicitudes, acompañadas de fotocopia compulsada do DNI, informe social e declaración responsable, pódense presentar ata o día 5 de decembro
- Das 220 prazas, haberá 100 na residencia de tempo libre de Panxón (50 para beneficiarios da provincia de Lugo e outras 50 para os de Ourense); e 120 prazas na residencia de tempo libre do Carballiño (60 para beneficiarios da provincia da Coruña e outras 60 para os de Pontevedra).

**Santiago, 28 de novembro de 2012**.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de convocar un total de 220 prazas para o programa ‘Xuntos polo Nadal’ que permite, aos maiores que non teñan con quen pasar estas datas, estar acompañados nas residencias de tempo libre do Carballiño (Ourense) e Panxón (Nigrán, Pontevedra), dependentes do departamento autonómico.

Este programa vaise desenvolver entre o 23 de decembro e o 1 de xaneiro de 2013. Ten unha duración de 10 días (9 noites). As solicitudes, acompañadas de fotocopia compulsada do DNI, informe social e declaración responsable, pódense presentar ata o próximo día 5 de decembro.

Convócanse un total de 220 prazas distribuídas do seguinte xeito: 100 prazas na residencia de tempo libre de Panxón (50 para beneficiarios da provincia de Lugo e outras 50 para os de Ourense); e 120 prazas na residencia de tempo libre do Carballiño (60 para beneficiarios da provincia da Coruña e outras 60 para os de Pontevedra). O lugar de saída e regreso serán os centros sociocomunitarios da Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense.

Para ser beneficiario deste programa haberá que reunir os seguintes requisitos: ser maior de 65 anos ou de 60 sendo pensionista; residir en Galicia; non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais que poidan alterar a convivencia; non estar acollido en ningún centro residencial; ter un nivel de ingresos económicos baixo e ter que pasar só as datas do Nadal.

O programa será gratuíto para as persoas coas rendas máis baixas, mentres que aqueles cuns ingresos superiores contribuirán cunha achega de 50 euros. Todos os participantes no programa se farán cargo dos gastos de desprazamento desde o seu domicilio ata o lugar de saída e chegada.

As persoas interesadas pódense dirixir aos servizos sociais comunitarios dos concellos, aos centros de saúde ou aos departamentos territoriais e centros sociocomunitarios de Benestar dependentes da Consellería. Para máis información poden chamar ao teléfono social 900 333 666 ou consultar o portal de Benestar da web da Consellería.

http://benestar.xunta.es/web/...




## O programa de acollemento familiar de Benestar permitirá que preto de 1.600 menores vivan nunha familia este ano

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o primeiro encontro estatal de familias acolledoras, organizado por Cruz Vermella, que se celebra en Santiago
- Na súa intervención indicou que actualmente hai 1.313 menores en situación de acollemento familiar
- O programa de acollemento familiar da Xunta de Galicia inclúe un convenio de colaboración con Cruz Vermella que se desenvolve desde 1995 e ao que o departamento autonómico destinou 300.000 euros en 2012, un 50% máis que o ano anterior.



**Santiago, 29 de novembro de 2012**.- O programa de acollemento familiar, ao que a Consellería de Traballo e Benestar destinou 3,5 millóns de euros este ano, permitirá que, ao longo do 2012, preto de 1.600 menores residiran nalgún momento cunha familia de acollida en Galicia, tanto allea como extensa (dentro da propia familia do menor).

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o primeiro encontro estatal de familias acolledoras, organizado por Cruz Vermella, que se celebra en Santiago. Na súa intervención indicou que actualmente hai 1.313 menores en situación de acollemento familiar.

O programa de acollemento familiar da Xunta de Galicia inclúe un convenio de colaboración con Cruz Vermella para o acollemento en familias alleas que se desenvolve desde 1995 e ao que o departamento autonómico destinou 300.000 euros en 2012, un 50% máis que o ano anterior. Desde 1995, o acollemento en familia allea creceu máis dun 60% en Galicia.

Beatriz Mato indicou que o acollemento familiar é un recurso esencial para a protección e atención dos menores porque “supón a mellor alternativa para os nenos e nenas que atravesan unha situación temporal de afastamento dos seus pais e nais”. Así mesmo, engadiu que no acollemento “búscase sempre a mellor opción para a atención das necesidades dos menores, a través dunha rigorosoa análise da súa historia persoal e asumindo que non existen dous casos iguais”.

A titular de Benestar apuntou que nesta lexislatura que agora remata, a Xunta aprobou a Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que concede “unha protección especial ás familias acolledoras”, tanto en familia extensa como allea, no ámbitos educativo e formativo, na vivenda, no transporte público, no acceso ás novas tecnoloxías e a nivel tributario.

## Benestar lembra a importancia do Teléfono da Infancia e do Rumi para detectar posibles casos de maltrato infantil

- A conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, lembrou, no ‘Día Internacional dos Dereitos da Infancia’, os mecanismos dos que dispón a Xunta para loitar contra a desprotección infantil
- O teléfono de axuda á infancia recibiu preto de 1.300 chamadas no que vai de ano
- A Consellería tamén ten posto en marcha o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), unha ferramenta informática, que simplifica os trámites e reduce os tempos de intervención e que xa utilizan máis de 2.000 profesionais.

**Santiago, 20 de novembro de 2012**.- A conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, acompañada pola directora xeral da Fundación Meniños, Mónica Permuy, lembrou, no ‘Día Internacional dos Dereitos da Infancia’, en rolda de prensa a importancia do uso do Teléfono de Axuda á Infancia e do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), para detectar de forma precoz posibles situacións de maltrato e desprotección infantil.

Nesta liña, Mato lembrou os mecanismos que ten posto en marcha a Xunta para loitar contra o maltrato infantil. Así, a Consellería dispón do Teléfono de axuda á Infancia, unha liña gratuíta cun número común para toda Europa: 116111, atendida por persoal especializado as 24 horas do día e que xa recibiu preto de 1.300 chamadas no que vai de ano.

Este teléfono facilita que os nenos e nenas poidan expresar libremente as súas preocupacións e recibir axuda profesional e orientación para resolvelos. Ademais, constitúe unha canle para que os adultos que teñan sospeitas de que se está a producir un caso de maltrato ou desprotección poidan comunicalo de forma anónima.

### RUMI

Ademais, Benestar ten posto en marcha o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), unha ferramenta informática, que simplifica os trámites, reduce os tempos de intervención e mellora a eficacia da actuación. Desde a súa posta en funcionamento, no ano 2010, máis de 2.000 profesionais do sistema educativo e dos servizos policiais foron dados de alta como usuarios no RUMI.

Con motivo do Día Internacional dos Dereitos da Infancia, que conmemora a aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno por parte da ONU, a titular de Traballo e Benestar salientou que é preciso que “o conxunto da sociedade entenda que a loita contra o maltrato infantil debe ser obxectivo de todos” e de maneira especial “daqueles que traballan a diario cos nenos e mozos”, posto que a escola é, xunto á familia, a institución de referencia para a infancia e a adolescencia.

Por iso, con motivo deste Día Internacional a Consellería de Traballo e Benestar ten enviado unha comunicación aos centros educativos da nosa Comunidade co obxectivo de lembrarlles aos profesionais a importancia da súa colaboración e participación activa na loita contra estas situacións. Pola súa banda, a Consellería comprométese a ofrecerlles información e poñer á súa disposición os recursos que precisen para combater a desprotección.

http://benestar.xunta.es/web/portal/telefono-da-infancia




http://benestar.xunta.es/web/portal/notificacion-de-risco-e-maltrato




### Historias de Milu

**A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración coa Fundación Meniños, ten convocado o concurso de banda deseñada Historias de Milu, que se desenvolverá ata o 22 de marzo entre o alumnado de ensinanza secundaria de Galicia, coa finalidade de invitar aos nenos e nenas a reflexionar sobre as situacións polas que poden pasar cando non reciben atención por parte dos pais.**

**Todos os interesados que queiran achegarse á historia de Milu poden facelo a través da web educativa da Fundación Meniños ou do libro Premio Nacional de Literatura Manuel Rivas.**

**Por último, Mato lembrou que esta colaboración coa Fundación Meniños tamén se leva a cabo a través do Programa de Integración Familiar, “ao que este ano a Consellería destina 380.000 euros e que permite atender a máis de 300 nenos e a preto de 200 familias”.**

http://www.meninos.org/mundodemilu/



# Formación e emprego

## Técnicos de oito países europeos asesoran en Santiago os interesados en coñecer ofertas de emprego das distintas rexións

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, participou na Xornada Europea de Emprego da rede Eures, unha iniciativa que naceu no ano 1993 para fomentar a mobilidade laboral en Europa
- Os técnicos de Portugal, Suecia, Noruega, Finlandia, Holanda, Reino Unido, Italia e Alemaña asesoraron as persoas que se achegaron sen necesidade de inscrición previa
- Ao día seguinte varias empresas de Holanda e Noruega entrevistaron a demandantes de emprego de diversos perfís profesionais

**Santiago, 26 de novembro de 2012**.- Santiago acolleu os días 26 e 27 de novembro a Xornada Europea de Emprego da rede Eures. Ao longo do primeiro día, técnicos de Portugal, Suecia, Noruega, Finlandia, Holanda, Reino Unido, Italia e Alemaña asesoraron os interesados que se achegaron –sen necesidade de inscrición previa- para coñecer as ofertas de emprego dos respectivos países. Os técnicos tiveron postos abertos ao público ata as 18,00 horas, en horario ininterrompido, no centro sociocultural "O Ensanche".

Pola súa banda, o día 27 foi a quenda das empresas de selección de persoal. En concreto, tres empresas de Holanda e 2 de Noruega entrevistaron a demandantes de emprego con diversos perfís profesionais (fontaneiros, soldadores, enxeñeiros, mariñeiros, torneiros...)

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, participou nesta iniciativa, que se inscribe dentro das actividades da rede "Eures", un proxecto que naceu no ano 1993 para fomentar a mobilidade laboral en Europa. O obxectivo é poñer en contacto ofertas e demandas de emprego a nivel europeo.

Actualmente, hai 20 EURES transfronteirizos. O de Galicia-Norte de Portugal constituíuse en 1998 coa colaboración de patronal, sindicatos, asociacións empresariais e universidades de dous territorios. Na actualidade, na rede Eures hai 1,2 millóns de ofertas de emprego dispoñibles nos 31 países que forman parte desta iniciativa.

Segundo resaltou a responsable autonómica, iniciativas como esta poden dar "interesantes respostas" ás persoas que teñen inquietudes en canto ao seu desenvolvemento profesional en Europa.

Deste xeito, os participantes na xornada poderán coñecer a asesores Eures con coñecementos especializados sobre as posibilidades de traballo en Europa; obter un asesoramento personalizado sobre a busca de emprego nos distintos países; coñecer como é a vida e o traballo noutro país europeo a través de distintas conferencias; e encontrar novas oportunidades de emprego.

Na xornada tamén houbo un posto de atención ao público do Eures, no que estiveron asesores do Eures transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal que informaron sobre o funcionamento xeral desta rede e apoiaron os visitantes para orientalos sobre onde dirixirse. Ademais, un dos técnicos galegos realizou unha presentación titulada "Traballar en Europa, por onde comezar?"

http://ec.europa.eu/eures/home.jsp?lang=es




## Mato destaca a creación de postos de traballo que supón a apertura do centro comercial As Cancelas

- As previsións que se manexan supoñen a creación de 1.500 postos de traballo directos e 700 indirectos vinculados a este novo centro comercial.




**Santiago, 15 de novembro de 2012**.- A conselleira de Traballo e Benestar en funcións, Beatriz Mato, participou na inauguración do centro comercial As Cancelas na que destacou a importante creación de postos de traballo que supón a súa apertura.

Neste sentido, as previsións que se manexan son de creación de 1.500 postos de traballo directos e 700 indirectos vinculados a este novo centro comercial, unhas cifras que a titular de Traballo e Benestar salientou como "moi significativas, xa que van axudar a dinamizar a economía de Santiago e da súa área de influencia".

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar ten impartido catro cursos de caixeiro e dependente para 60 persoas desempregadas, cun compromiso de contratación superior ao 90 por cento para traballar neste centro comercial. Unhas accións ás que Traballo dedicou máis de 90.000 euros.

Mato fixo fincapé na importancia de apoiar todas as iniciativas que permitan crear un emprego de calidade e "que favorezan a dinamización económica e a implantación de novas empresas".

### Aposta pola formación

Así, salientou a importante aposta que está a realizar a Xunta de Galicia "pola formación de calidade, adecuada ás necesidades reais do mercado laboral e cunha certificación oficial". Neste senso ao longo dos últimos catro anos máis de 30.000 persoas obtiveron un certificado de profesionalidade, que lle permite ter un recoñecemento válido para todo o Estado.

## Traballo destina 500.000 euros para a creación de 30 empregos de base tecnolóxica en Galicia

- As iniciativas de emprego de base tecnolóxica buscan conxugar a cultura de innovación e de empresa, neste caso cun enfoque dirixido, preferentemente, ao colectivo de investigadores e titulados universitarios
- Este ano cualificáronse 16 novos proxectos centrados en temas como a biotecnoloxía, a enxeñaría ou as solucións enerxéticas

**Santiago, 11 de novembro de 2012**.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Promoción de Emprego, destinou en 2012 un orzamento de 500.000 euros para a creación de 30 postos de traballo de base tecnolóxica.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través das políticas activas de emprego, vén promovendo a introdución da innovación no ámbito empresarial, apoiando a contratación de persoal especializado, así como estimulando a iniciativa emprendedora mediante programas de apoio ás iniciativas de emprego innovadoras (IEBTS).

As iniciativas de emprego de base tecnolóxica teñen a súa orixe nos obxectivos estratéxicos da Unión Europea de conxugar a cultura de innovación e de empresa, pero, neste caso, cun enfoque dirixido, preferentemente, ao colectivo de investigadores e titulados universitarios de calquera área do coñecemento.

Desta maneira dáse un decidido pulo ao desenvolvemento de proxectos empresariais cunha clara orientación científica e tecnolóxica, con perspectivas de negocio e, polo tanto, susceptibles de transformarse en empresa e de crear postos de traballo directo de alto nivel. Así, as destinatarias deste programa son as iniciativas de pequena dimensión que albergan un gran potencial de creación de emprego, de modo que os proxectos deste segmento poidan ter acceso ás mesmas prestacións institucionais das que xa dispoñen outras de maior tamaño.

Co fin de dotar o programa de todas as garantías de éxito que precisan o desenvolvemento deste tipo de proxectos, a Consellería de Traballo e Benestar non se limita a deseñar un conxunto integral de incentivos económicos que faciliten o lanzamento e consolidación das iniciativas que cumpran cos requisitos, senón que, á súa vez, impulsa a colaboración das diferentes estruturas que xa existen: tanto a Xunta de Galicia, como as tres universidades galegas e outras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía e á iniciativa emprendedora.

Para iso prevense mecanismos de acompañamento, asesoramento e avaliación técnica, que teñen por función facilitar a cualificación dos proxectos potenciais, mediante unha análise pormenorizada das súas características e dos factores que permitan a súa mellora, ou a súa reorientación cando proceda, asegurando así as mellores perspectivas de consolidación e permanencia para aquelas.

O Comité de IEBTS aprobou este ano 16 novos proxectos. Dos 16 aprobados, un total de sete están estreitamente relacionados coa biotecnoloxía, e máis concretamente cos temas medioambientais e de sanidade animal entre outros; cinco proxectos están relacionados con actividades de enxeñaría e de consultoría especializada en instalación de solucións enerxéticas e xestión integrada de medio ambiente; e os catro restantes promoven actividades en sectores concretos como consultorías ou xestión de sistemas culturais.

Para que un proxecto poida ser cualificado como IEBTS debe de ter unha viabilidade técnica, económica, financeira e comercial, carácter innovador e contido científico e/ou tecnolóxico. Ademais o cadro de persoal inicial previsto debe ser inferior a 50 traballadores, debe ter un mínimo dun titulado universitario por cada catro traballadores e crear emprego estable para persoas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.

No presente ano 24 empresas xa cualificadas como IEBTS accederon ás axudas deste programa pola creación de emprego estable, tanto dos promotores como das persoas traballadoras da empresa; á subsidiación dos xuros dos préstamos que foron necesarios para o financiamento dos investimentos en activos fixos; a unha axuda pola contratación de expertos técnicos de alta cualificación; e á subvención para financiar os gastos necesarios para a posta en marcha da IEBT.

Estas 24 empresas deron lugar á creación de 30 postos de traballo no presente ano dos que 24 son titulados universitarios (deles, dez son mulleres). Destas persoas tituladas dúas teñen o grado de doutor. Das seis persoas non tituladas, catro pertencen ao sexo feminino.

http://traballo.xunta.es/axudas-e-subvencions



# Traballo convoca preto de 2.400 prazas para o recoñecemento das competencias adquiridas a través da experiencia laboral

- Destas preto de 2.400 prazas, convócanse 989 para atención sociosanitaria a persoas no domicilio e 502 para atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Ademais convocaranse 200 prazas de confección e mantemento de artes e aparellos, 200 de servizos para o control de pragas, 200 de socorrismo en espazos acuáticos naturais, 200 de socorrismo en instalacións acuáticas e 100 de información xuvenil

**Santiago, 16 de novembro de 2012**.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, publica no DOG unha nova convocatoria do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.

Con esta convocatoria, de preto de 2.400 prazas, realízase un gran esforzo para dar resposta ás demandas que os diversos sectores produtivos están dirixindo a Administración autonómica. As persoas que demostren a súa competencia nestas cualificacións acadarán o respectivo certificado de profesionalidade.

A formación acreditable permitirá aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

É a cuarta convocatoria deste procedemento que fai esta Consellería, o que supón un importante avance de cara a acreditar dun xeito oficial a experiencia profesional que teñen moitos traballadores de Galicia.

Destas preto de 2.400 prazas, convócanse 989 para atención sociosanitaria a persoas no domicilio e 502 para atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, destinadas ás persoas que cumprindo os requisitos de acceso quedaron nas listas de espera na anterior convocatoria, publicada a través da Resolución do 23 de novembro de 2011. Estas listas aparecen publicadas na páxina web http://traballoebenestar.xunta.es.

As persoas que figuran nestas listas non teñen que presentar a solicitude nin ningunha outra documentación, soamente terán que aboar as taxas. Na mesma páxina web publicarase as datas e lugares das reunións de asesoramento.

Ademais das cualificacións profesionais de atención sociosanitaria, convócanse prazas noutras cualificacións nas que por imperativo legal as persoas traballadoras destes sectores precisan dunha acreditación para poder continuar co exercicio da súa actividade.

Neste senso, convocaranse 200 prazas de confección e mantemento de artes e aparellos, 200 de servizos para o control de pragas, 200 de socorrismo en espazos acuáticos naturais, 200 de socorrismo en instalacións acuáticas e 100 de información xuvenil.

Os prazos para presentar as solicitudes de confección e mantemento de artes e aparellos e servizos para o control de pragas é de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG. O prazo para presentar as solicitudes para socorrismo en espazos acuáticos naturais, socorrismo en instalacións acuáticas e información xuvenil será desde o 1 ao 31 de marzo de 2013.

**http://traballo.xunta.es/portada-reconecemento-experiencia-profesional**

rECOÑECEMENTO EXPERIENCIA PROFESIONAL

# Máis de 2.300 admitidos nas listas provisionais para as probas de competencias clave que terán lugar en Silleda o 24 de novembro

- As listas de admitidos e excluídos están dispoñibles no enderezo electrónico http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave
- Realizaranse preto de 9.000 probas, que permitirán ás persoas sen titulación acceder á programación formativa para o emprego asociada aos certificados de profesionalidade

**Santiago, 2 de novembro de 2011**.- As listas provisionais de admitidos e excluídos na sexta convocatoria de probas de competencias clave, que se celebraron no recinto feiral de Silleda (Pontevedra) o 24 de novembro, están dispoñibles enderezo http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave do portal da Consellería de Traballo e Benestar.

En total, foron admitidos máis de 2.300 solicitantes, que realizaron preto de 9.000 probas nas sete avaliacións convocadas: 1.840 en matemáticas, 1.690 en lingua castelá, 1.890 en lingua galega, 780 en inglés, 840 en ciencia, 850 en tecnoloxía e 840 en dixital.

As probas de avaliación de competencias clave, organizadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, permiten ás persoas sen titulación acceder á formación para o emprego asociada a certificados de profesionalidade.

Chámanse competencias clave aos contidos de formación básica que aseguran os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento a formación certificada para o emprego.

A posta en marcha desta iniciativa responde á renovación que desde 2009 se vén realizando en toda a oferta de formación para o emprego, en base aos novos certificados de profesionalidade. Unha das principais novidades que introducen estes módulos é a de esixir uns requisitos de acceso para os alumnos, que aseguren deste xeito que contan cunha formación mínima para seguir con aproveitamento a actividade.

Con este fin, puxéronse en marcha as "probas de avaliación en competencias clave", que permiten acceder a estes cursos a aquelas persoas que non poidan acreditar posuír a formación básica necesaria para optar a estes.

**http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave**

competencias clave



# Galicia pechou o mes de novembro cun total de 276.536 desempregados

**Santiago, 4 de decembro de 2012**.- Galicia pechou o mes de novembro cun total de 276.536 persoas desempregados. Isto supón un incremento de 8.724 persoas, o que supón en termos porcentuais un aumento do 3,26 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, cualificou este dato de negativo, dado que se produciu un incremento do desemprego. De feito, nos meses de novembro sempre se rexistran aumentos do paro en Galicia.

Con todo, o aumento do paro rexistrado este mes é inferior ao rexistrado na media dos últimos catro anos. Cabe destacar tamén que é un incremento menor ao rexistrado no mesmo mes do ano pasado.

Ademais, a responsable desta área autonómica fixo fincapé en que se conseguiu inverter a tendencia da evolución interanual. Este mes o dato interanual galego (+9,12%) é mellor que o do Estado (+11,02%).

Galicia é, en termos interanuais, a quinta comunidade onde menos sube o desemprego. En novembro de 2011, Galicia tiña unha interanual superior en 1,8 puntos á media do Estado; un ano despois, esta comunidade autónoma presenta unha evolución 1,9 puntos mellor que na media do Estado. "Isto é, nun ano practicamente inverteuse a situación e conseguimos conter a interanual do paro", asegurou Ana María Díaz.

Se se analizan os datos de desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos é o que acumula unha maior subida (+5.872); seguido pola construción (+1.310); a industria (+678); o colectivo sen emprego anterior (+537); e a agricultura e a pesca (+327).

Por provincias, o desemprego incrementouse neste mes en todas elas. Onde máis subiu foi en Pontevedra (+3.388). A continuación sitúase A Coruña (+2.448); Lugo (+1.580); e Ourense (+1.308).

No mes de outubro rexistráronse en Galicia un total de 51.658 contratos, 17.882 contratos menos que no mes anterior; deste total, 4.537 foron indefinidos (8,78%) e 47.121 temporais (91,22%).

http://emprego.xunta.es/




| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| anarias | 287.820 | -0,34 |
| alencia | 578.040 | -0,15 |
| elilla | 12.843 | 1,29 |
| ataluña | 646.306 | 2,19 |
| urcia | 152.991 | 2,29 |
| adrid | 549.354 | 2,40 |
| aís Vasco | 168.078 | 2,40 |
| euta | 13.219 | 2,54 |
| avarra | 50.993 | 2,65 |
| tremadura | 145.718 | 2,96 |
| ndalucía | 1.087.248 | 3,05 |
| alicia | 267.812 | 3,25 |
| agón | 110.761 | 3,68 |
| turias | 103.384 | 4,29 |
| astela e León | 235.369 | 4,62 |
| Rioxa | 26.443 | 5,87 |
| antabria | 53.965 | 6,14 |
| astela-A Mancha | 256.026 | 7,02 |
| es Balears | 87.151 | 12,20 |
| OTAL | 4.833.521 | 2,73 |

**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)






# Trece grandes empresas titorizan a 20 pemes galegas a través dun proxecto de traballo para a implantación da RSE

- A iniciativa da Xunta foi seleccionada para participar no plan europeo 'Enterprise 2020'
- O proxecto europeo é a única actividade de liderado empresarial recoñecida pola Comisión Europea na súa Estratexia 2011-2014 de Responsabilidade Social das Empresas (RSE)
- O plan da Xunta facilitará ás pemes a súa iniciación na RSE para acadar unha competitividade sostible, entre outros obxectivos

**Santiago, 10 de novembro de 2012**.- A Consellería de Traballo e Benestar está a levar a cabo un novo proxecto de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) enmarcado nunha iniciativa europea. O plan 'Tutela de grandes empresas a pemes galegas' da Xunta foi seleccionado para formar parte de 'Enterprise 2020', a única actividade de liderado empresarial recoñecida pola Comisión Europea na súa Estratexia 2011-2014 de Responsabilidade Social das Empresas. No proxecto europeo só existen dous plans liderados por comunidades autónomas: Galicia xunto con Estremadura.

O plan da Xunta púxose en marcha o pasado mes de maio e nel están a participar 13 grandes empresas que titorizan o labor de 20 pemes galegas. O obxectivo é axudarlles a establecer as bases para a implantación a gran escala da RSE nos seus centros de traballo.

Deste xeito, esta iniciativa permitirá facilitar ás pemes a súa iniciación na RSE, así como eliminar barreiras asociadas á Responsabilidade Social Empresarial como que é unha ferramenta de aplicación exclusiva a grandes empresas.

Cada gran empresa participante elixe a dous pemes para tutelar no camiño da RSE. Para elo, elabórase unha axenda de traballo común que inclúe os temas prioritarios para avanzar na implantación da RSE e a identificación de accións concretas a desenvolver. Para crear esta axenda celébranse xuntanzas de traballo para desenvolver de xeito concreto os plans de acción. O fin último é lograr un documento para que cada pequena e mediana empresa poda facer súa a RSE e implantala progresivamente da man da gran empresa.

A finais de ano presentaranse os resultados do proxecto, onde se poderá visualizar o traballo conxunto entre a gran empresa e as pemes e onde se fará entrega das axendas de traballo en RSE.

**Obxectivos de Enterprise**

O proxecto apoiado pola Comisión Europea baséase na importancia de desenvolver modelos de negocio innovadores e de que as empresas traballen durante a próxima década nun plan de acción que permita achegar solucións ante os retos que presenta a sociedade.

A iniciativa naceu con tres obxectivos principais: axudar ás empresas a acadar unha competitividade sostible mediante unha plataforma de innovación e intercambio; fomentar unha intensa colaboración entre as empresas e os seus grupos de interese mediante a busca de sinerxías para construír un futuro sostible, e, por último, reforzar o liderado de Europa en materia de RSE xunto coas institucións da UE.

Un total de 600 entidades con 36 proxectos xa se sumaron a Enterprise 2020 en España. O próximo 29 de novembro, o presidente da Comisión Europea, o presidente do Consello Europeo e os comisarios de Emprego e Mercado Interno participarán na presentación dos primeiros resultados a nivel europeo.

http://rse.xunta.es/




# Traballo destaca a innovación e a internacionalización como dous factores claves para o crecemento económico

**Santiago, 8 de novembro de 2012**.- O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, destacou o papel clave que teñen a innovación e a internacionalización nas estratexias de traballo para acadar a senda do crecemento económico.

Odilo Martiñá participou en Santiago no seminario sobre 'A xestión da prevención de riscos laborais nos procesos de internacionalización das empresas' e salientou a importancia de que a seguridade e a saúde laboral sigan a ser un obxectivo prioritario para as empresas en época de crise porque son fundamentais para mellorar a produtividade e a competitividade incrementando o 'capital saúde', que beneficia a toda a sociedade.

O director xeral de Relacións Laborais indicou que é necesario integrar os dous conceptos, seguridade e sostibilidade, "como a única forma de traballar" e apuntou que en Galicia estamos a desenvolver por segundo ano o Plan estratéxico de prevención de riscos laborais deseñado, consensuado e acordado por todos os axentes implicados no marco do diálogo social.

Ademais, Martiñá destacou que as políticas activas de prevención reducen os custos de absentismo e de compensación de danos e aumentan a motivación dos traballadores, polo que, ademais de incrementar a protección dos empregados, contribúe á eficiencia empresarial.

Así mesmo, sinalou a importancia da prevención de riscos laborais como un aspecto fundamental na mellora das condicións laborais dos traballadores o que inflúe directamente na eficacia e eficiencia da empresa e na mellora da súa competitividade, factor clave na internacionalización dunha empresa.

Por último, Martiñá lembrou a importancia de que as empresas realicen unha análise dos custos-beneficios da prevención de riscos, para o que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) ten unha ferramenta que permite calcular o custo da non prevención; inculcar a idea de que os recursos destinados á prevención son totalmente rentables; a necesidade de coñecer os custos reais que se deriven dos accidentes e das enfermidades profesionais e a integración da prevención na empresa.

# Traballo participa na feira Expo 2012 en Manchester, con motivo da celebración en 2012 do ano internacional das cooperativas

- Trátase do evento central do Ano Internacional das Cooperativas e, á súa vez, da feira mais importante do mundo destinada a promover os produtos e servizos cooperativos
- Como resultado desta visita agárdase promover a internacionalización e intercooperación, así como as relacións institucionais para o impulso do cooperativismo
- A participación neste tipo de feiras é unha das actividades previstas no marco do proxecto Coopera +, cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do paquete de actividades de apoio á internacionalización das cooperativas da Eurorrexión

http://www.cooperativasdegalicia.com/...

**Santiago, 2 de novembro de 2012**.- A Dirección Xeral de Relacións Laborais, pertencente á Consellería de Traballo e Benestar, xunto co Consello Galego de Cooperativas e os restantes socios do proxecto 'Coopera +', así coma as asociacións representativas do sector cooperativo galego, participou na feira Expo 2012, organizada pola Alianza Internacional de Cooperativas en Manchester, e que remata hoxe.

Con motivo da celebración do Ano Internacional das Cooperativas, declarado así pola ONU, estanse a celebrar unha serie de iniciativas en todo o mundo, promovidas por organizacións e institucións de diferentes ámbitos que gardan relación co cooperativismo.

Neste caso, trátase do evento central do Ano Internacional das Cooperativas e á súa vez da feira mais importante do mundo destinada a promover os produtos e servizos cooperativos. Nela participaron cooperativas de distintos sectores, organizacións de apoio ao sector cooperativo tanto públicas como privadas e proveedores e público destinatario dos produtos e servizos cooperativos.

Como resultado desta visita agárdase promover a internacionalización e intercooperación, así como as relacións institucionais para o impulso do cooperativismo, ademais de acadar información suficiente para seleccionar os mercados internacionais máis adecuados para os produtos e servizos do sector cooperativo galego.

Doutra banda, esta actividade virá a completar os resultados xa acadados durante a celebración do Encontro Internacional Cooperativo, que tivo lugar en Santiago de Compostela no pasado mes de xullo, e no que se presentaron experiencias de boas prácticas nos aspectos económicos e sociais, co obxecto de coñecer de primeira man distintas realidades e enfoques que destacan pola posta en práctica de valores cooperativos e no que participaron relatores e entidades de todo mundo.

**Proxecto Coopera +**

A participación neste tipo de feiras é unha das actividades previstas no marco do proxecto Coopera +, (Cooperación na Dinamización do Tecido Produtivo mediante o fomento do Cooperativismo) cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do paquete de actividades de apoio á internacionalización das cooperativas da Eurorrexión.

O proxecto Coopera +, que se está a executar da man da Rede Eusumo, persegue promover o sector da economía social en todo o territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e impulsar a súa presenza destacada no mesmo, priorizando as accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo. O proxecto está promovido pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, xunto con outros catro socios, que son: Associação de Desenvolvimento da Região do Alto Tâmega, a Câmara de Comercio de Vigo, a Associação Empresarial de Viana do Castelo e a Universidade Católica Portuguesa.

Así mesmo, conta coa participación doutras entidades asociadas, como son: o Consello Galego de Cooperativas, a Unión de Cooperativas Asociación Gallega de Cooperativas Agrarias – AGACA; a Federación de Empresas Cooperativas Sinerxia; a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado – UGACOTA e a Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado – UCE-TAG.

Pola súa banda, a Rede Eusumo configurarase como un instrumento de acción descentralizada, constituída por todas aquelas entidades sociais, administracións locais e outros centros colaboradores, todos relacionados co desenvolvemento cooperativo e da economía social que desexen formar parte e que formalicen a cooperación coa Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

http://www.cooperamais.org/index.php/gl/

http://www.eusumo.coop/

## Galicia rexistrou un descenso da sinistralidade laboral do 24,65 por cento nos dez primeiros meses deste ano

**Santiago, 28 de novembro de 2012**.- A sinistralidade laboral diminuíu nun 24,65% nos dez primeiros meses do ano, cun total de 2.332 accidentes laborais fronte aos 2.688 no mesmo período do ano 2011.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 29,41% en Pontevedra, nun 23,86% en Lugo, do 22,15% na Coruña e do 18,87% en Ourense.

Os datos da incidencia tamén reflicten o descenso da sinistralidade, sendo a diminución no total de Galicia do 20,89% e os datos da diminución por provincias os seguintes: 25,25% en Pontevedra, 18,68% na Coruña, 20,20% en Lugo, e 15,18% en Ourense.

### Descenso no mes de outubro

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en outubro do 2012 descendeu un 13,24%. Neste mes rexistráronse 2.332 accidentes fronte aos 2.688 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 2.281 foron accidentes leves, 42 graves e 9 mortais.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, descendeu un 8,46% en outubro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Descendeu a incidencia nos seguintes sectores: na construción foi do 4,64%, na industria do 15,90%, nos servizos do 7,81%, pola contra, aumentou a incidencia na agricultura nun 3,73% e na pesca nun 61,30%.

